

Soberanía dixital IV:

BLOGS.

AMARINHA.

GAL

Información
descentralizada

INTERNET DE ANTES

José Manuel Ventoso Picos
blogs.amarinha.gal/metarcade_bitacora

Internet ten pouco máis de 30 anos de vida, a pesar da súa curta historia, converteuse no principal medio de comunicación. Ao principio só grandes empresas ou usuarios avanzados eran capaces de deixar alí a súa pegada, a chegada dos blogs ofreceu a calquera usuario interesado escribir artigos de maior ou menor tamaño para finalmente no día de hoxe permitir a cada quen deixar o seu grao de area nunha mensaxe de ata 250 caracteres que case se escribe soa.

Sen darlle máis voltas puidera parecer que o repaso do parágrafo anterior da a entender que foi todo un progreso beneficioso para todos, mais este fanzine vai sobre blogs. Non é isto un viaxe de nostalxia da historia recente, senón que tratamos aquí de compartir o que, na nosa opinión, se perdeu polo camiño.

A facilidade coa que hoxe podemos publicar en internet viu da man dun maior control e censura en definitiva. Cando botamos man das redes sociais para compartir unha idea, o número de persoas que vexan a nosa mensaxe estará determinado na súa totalidade polo que os donos desta rede decidan.

Se é unha das primeiras veces que publicas, todos os teus amigos o verán (eles xa se encargan de ter esta información a man), logo duns días necesitarás máis interaccións para chegar ao mesmo número de xente.

Do mesmo modo, pero obedecendo a intereses non só de empresa pero tamén políticos, se tratas de axudar a causas humanitarias non terás a metade de alcance que se estás a falar ben dunha empresa. Levado ao extremo, mensaxes en contra a un xenocidio como o que está a ocorrer en Gaza poden levar a que a túa conta sexa temporalmente desactivada.

Sendo esta xa a cuarta edición do fanzine e reunión asociada do grupo de Soberanía Dixital amarinha.gal, temo repetirme dando máis información sobre o perigo destas redes e o uso dos datos por parte de grandes corporacións.

Mais é certo que os blogs sí tiñan un pequeno problema, a **descobertabilidade** (da que nos falará Lucía no seu artigo). Se publicas nun blog persoal, a pesar de estar en control do teu discurso pode que non consigas chegar a moitos lectores. Incluso persoas que viron un artigo teu que lles gustou seguramente se perdan os seguintes a menos que te visiten periódicamente ou decidan confiarche o seu enderezo de correo electrónico.

A nosa proposta para a xente que lea isto é que se plantexe utilizar blogs.amarinha.gal . Polo momento todos os participantes neste fanzine temos un blog alí, o de Antonio con máis de 8000 posts e o meu con 3. Estes blogs están por defecto enlazados con Mastodon, de xeito que calquera persoa con conta nesa rede terá notificación cando publiques e poderá comentar e interactuar directamente dende a súa instancia, non só amarinha.gal .

No seguinte artigo de Lucía podes ver máis razóns polas que publicar nun blog pode ser beneficioso, incluso xa só seguílos no canto das grandes publicacións.

Por último Antonio, Ribadeando, sendo un dos blogueiros máis coñecidos da zona fará un pequeno repaso á súa historia no medio, que polo momento pasa por blogs.amarinha.gal/ribadeando .

CONSTRUÍR UNHA COMUNIDADE NA ESCRITA

Lucía Fernández Rodríguez
blogs.amarinha.gal/lucia_ferro

Todos temos unha opinión pero a maior parte dos xornais teñen a mesma. Cando buscamos información sobre un tema de actualizade non é pouco frecuente que nos atopemos coa triste realidade de que varios medios dixitais publicaron exactamente o mesmo texto. Como para esperar que haxa unha diversidade de opinións.

Os blogs, se ben son persoais, ofrécenlle a calquera membro da comunidade a posibilidade de compartir o seu punto de vista. Na última década non desfrutaron de moita atención xa que os xornais dixitais e as redes sociais o absorberon todo diminuindo así a súa descubertabilidade, é dicir, a súa capacidade de ser descubertos por un usuario na inmensidade do internet. Mais co xurdimento das redes descentralizadas atopámonos co perfecto caldo de cultivo para recuperar ese diálogo popular que os blogs ofrecen.

Para manterse informado, coñecer as noticias e reflexionar sobre elas pode non ser dabondo. Tamén precisamos de contrastar as nosas conclusións coas de outros xa que ese é o único método dispoñible para atoparnos errados. Non só iso, lendo a arengas doutros tamén podemos dar con novos camiños mentais que se abren ante nós sen pedir permiso e que nos inspiran motivación e creatividade. Non che son estas características de pouco valor, posto que nos atopamos nun momento no que a humanidade está a pasar por un período sobre o que reina a desesperación e a falta de imaxinación.

Non só ler o blog do teu veciño pode ser beneficioso, escribir o teu propio tamén pode axudarlle a un a poñer en orde todas esas ideas que che roldan a cabeza. Seguramente non amañarás o mundo pero de certo podes darlle esperanza a outros, aliviar as túas preocupacións ao compartilas ou mesmo plantar unha semente no corazón dalgún membro da túa comunidade. Todas elas son accións que poñen en movemento a sociedade cara unha transformación positiva. Dende logo que, como mínimo, resisten a inercia coa que os grandes medios de comunicación nos desprazan.

Comezar un blog ás veces asusta porque non sabe un como de moito lle interesará a outros ler o que un escribe, mais non se trata de chegarlle a milleiros de persoas, senón de contribuír a esa piscina colectiva de alternativas á perspectiva hexemónica. Consiste en escoitar esas voces que doutro xeito ninguén escoitaría ou de alzar a túa propia cando observas que algunha problemática non está a ser debatida o suficiente.

Cando un lee un blog sabe que quen o escribe probablemente o está a facer por un desasosego creativo ou unha preocupación xenuína. As ideas que comparta poden ser mellores ou peores, porén serán expostas ao mesmo nivel ca de calquera outro. Os blogs deixan a un lado a titulitis ou os galardóns que ben poden ser mercados, e déixalle ao lector a responsabilidade de xulgar a validez das palabras que está a ler.

BLOGS.AMARINHA.GAL. INFORMACIÓN DESCENTRALIZADA

Antonio Gregorio Montes
blogs.amarinha.gal/ribadeando

Como alternativa ó título podes coller “Da centralización desinformativa á descentralización informativa”, que xa en si dá idea dun proceso de aceptación e desfrute da blogosfera. Pero desenvolvelo dese xeito faría esta colaboración abondo máis ampla do pretendido, polo que vou centrarme nunha parte da historia da miña experiencia de descentralización informativa persoal. A alternativa quedará como título para outro momento.

Así, hai 22 anos que cambiei a edición máis ou menos regular dunha páxina web que mantiña daquela pola dun blog. Para min supuxo, vino daquela pero sobre todo véxoo hoxe, o entrar na web 2.0, nunha web máis a medida do trato humano, máis manexable, máis relacional, máis sinxela. Mesmo supuxo adoptar un sistema de traballo en internet que me fixo esquecer algunha das poucas cualidades técnicas que collera. E non, non foi xa o blog definitivo dos que tiven. É máis, non sei se o que hoxe manexo con máis soltura, a diario, continuación daquel, será o definitivo. No medio, cambio de entorno, dende o subministrado pola desaparecida plataforma pitas.com a un Blogger recén mercado por Google, algunha tentativa con Wordpress, e cambiando de lugar de repositorio de datos, subministrado por Eomática, ata o momento actual no que o blog principal está feito en Wordpress, aloxado no conxunto do fediverso a través de <https://blogs.amarinha.gal/ribadeando/> e en pleno cambio de ribadeando.com a ribadeando.gal. Como se ve, unha pequena maraña que só é plasmar a realidade dunha evolución continúa. Coido que o dos blogs é cousa de onte no sentido de que non foi onte xa

cando comezou, senón que leva tempo e evolución dende que Tim Berners-Lee, o primeiro webnauta, comezou aló por 1992 o que hoxe é considerado o primeiro blog. Mais tamén, que non, que non é algo 'de onte' no sentido de que xa non está en uso. De feito, sigo uns cantos de xeito sistemático con milleiros de visitas diarias, e a cousa non parece que vaia aminorando.

Máis ben ó revés... é dicir, que seguen a evoluír cara ó mañá.

Volvendo de novo a mirada atrás, o primeiro cambio que fixen de plataforma, de Pitas a Blogger, foi debido a esa evolución, á inclusión nesta última plataforma da posibilidade de subir imaxes, coa potencia comunicativa que subministra. E logo, entre as posibilidades que quedaron polo medio, estivo aloxarse nunha plataforma blogueira máis próxima xeográficamente -blogcindario-, na que tamén fixen algunha cousa, e que por falta uso e polas normas da plataforma, desapareceu da miña vista e hai cousa de ano e medio, por temas empresariais, da do resto do mundo. Queda aí Internet Archive, esa gran biblioteca da era actual, coas súas lembranzas como a de ribadeando.comⁱ para volver ó pasado se algún día a propietaria de Blogger decide tirar todo ó lixo, ou a de blogs.amarinha.gal/ribadeandoⁱⁱ a modo de copia de seguridade dalgunhas cousas máis actuais. Mentres, sigo da man de amarinha.gal co conxunto dos seus blogs como sistema resistente, baseado na comunidade e con esquemas máis libres, no ronsel da idea inicial de internet.

Rematando este pequeno mirarme o embigo, esta ollada persoal, o blog marcou algo así como o inicio para min da persoalización da web, antes de que as redes sociais como se concibían hai algúns anos -e menos aínda, como se conciben hoxe-, tiveran unha eclosión efectiva. Foi e é un sistema que permite informarme dun xeito máis dirixido por min, e informar e en xeral trasladar as miñas ideas ós demais tamén dun xeito máis directo, sen trabas nin filtros técnicos nin de intereses alleos, mais conservando unha certa capacidade pausada de análise que non permiten de xeito doado as redes sociais.

i https://web.archive.org/web/20250000000000*/http://ribadeando.com

ii <https://web.archive.org/web/20250419195350/https://blogs.amarinha.gal/ribadeando/>

ÚLTIMAS NOVAS

Ribadeando

Lembrando a Castelao, en Ribadeo

Onte tivo lugar unha charla. ‘Castelao Nacionalista Galego’ se titulaba. Manuel Rei Romeu, introducido por Pablo Vizoso Galdo e presentado por Iria Cotelo Cociña presentou unha visión de Castelao que incluía a política, si, pero estimo que máis o pensamento e sempre sen perder de vista a súa expresión artística. Nun auditorio da casa do [...]

Metarcade Bitácora

Autómatas no arcade

Cando estamos a xogar a un videoxogo notamos como hai personaxes ou outros elementos que se comportan de modo distinto segundo o que estea a pasar. Un inimigo pode estar seguindo un camiño e correr tras do xogador cando o ve, o propio personaxe do xogador pode subirse a un vehículo e comezar a conducilo. [...]

O Blog de Lucía Ferro

1984-Ser vixiado ou expoñerse ao máximo

Na novela de George Orwell a imaxe do Gran Irmán está en todos e a súa presenza pódese palpar nesa vixilancia que experimentan e sofren os protagonistas. Fose ou non a intención do autor, a figura do Gran Irmán dálle corpo a esa absoluta influencia que o mandatario dun réxime totalitario ten sobre os seus [...]